

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:29:45

SAIDA

8286/19

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 073/2019

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 6 de maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29/05/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 12 de febreiro de 2019, da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, da súa solicitude de acceso ao informe da unidade correspondente que motivou a adxudicación do posto de traballo vacante no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela, correspondente á Vicexerencia do Campus de Lugo e Servizos, adxudicado segundo resolución do Diario Oficial de Galicia con data 7 de decembro de 2018.

O reclamante indicaba que concorreu ao posto de Vicexerente do Campus de Lugo, que foi adxudicado por resolución publicada no DOG o 7 de decembro de 2019. Solicitou o acceso ou copia do informe que motiva a resolución e a Xerencia lle remite unha resolución totalmente baleira de contido e fora de prazo de recurso. Reiterou a súa petición e ante a ausencia de contestación, remitiu escrito ao Reitor da Universidade, sen ter contestación.

O escrito viña acompañado copia da súa solicitude e reiteración da solicitude, así como de contestación pola Xerencia da Universidade, así como copia do seu DNI.

**Segundo.** Con data 8 de maio de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Universidade de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de maio de 2019.

**Terceiro.** Con data 29 de maio de 2019 a Vicexerencia de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que á convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación ao posto de Vicexerencia do Campus de Lugo e Servizos do cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela presentouse, entre outros candidatos, o reclamante. A convocatoria resolveuse por Resolución da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela do 27 de novembro de 2018, e publicouse no DOG do 7 de decembro de 2018. Con data do 8 de xaneiro de 2019, o reclamante, como interesado no procedemento, solicita o acceso ou comunicación do informe que motivou a adxudicación do posto correspondente á Vicexerencia do Campus de Lugo e Servizos. O 12 de febreiro de 2019, se emite escrito de resposta á solicitude. O 5 de marzo de 2019, o interesado reitera a petición de acceso ao informe, solicitude que está pendente de resolver. Con data do 16 de abril de 2019, o interesado solicita amparo ao Reitor da USC.

A Universidade no seu informe considera que o reclamante ten a condición de interesado no procedemento administrativo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes do interesado non están presentadas ao abeiro da Lei de Transparencia nin son documentos que teñan que ser obxecto de difusión ou información pública, senón que se solicitan como interesado no procedemento administrativo, polo que non procede reclamación perante a Comisión de Transparencia de Galicia. Indica así mesmo que a petición de acceso ao informe formulada o 14 de xaneiro de 2019 e reiterada o 5 de marzo de 2019, se atopa pendente de resolución

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

Desde a perspectiva do cómputo dos prazos, considérase que a presentación da reclamación é extemporánea, xa que a resolución impugnada ten data do 12 de febreiro de 2019 e o interesado, en escrito remitido á Xerencia da Universidade datado o 27 de febreiro, fai constar que recibiu a dita resolución, tendo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 29 de maio de 2019 a reclamación contra a dita resolución. A reclamación se presentou por tanto fora do prazo previsto no artigo 28 da Lei 1/2016, que prevé que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que a reclamación se interporá no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Os efectos da presentación da reclamación fóra de prazo, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 39/2015, obrigan non só ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, senón tamén aos interesados nos mesmos. Nas reclamacións potestativas ante a Comisión de Transparencia de Galicia, debido a que teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo, de acordo co disposto no artigo 116 d) da Lei 39/2015, é causa de inadmisión o transcurso do prazo para a interposición do recurso, sendo esta disposición plenamente aplicable a esta reclamación, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na normativa en materia de procedemento administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


#### **ACORDA**

**único:** Inadmitir por extemporánea, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 6 de maio de 2019, contra a resolución do 12 de febreiro de 2019, da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, da súa solicitude de acceso ao informe da unidade

correspondente que motivou a adxudicación do posto de traballo vacante no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela, correspondente á Vicerexencia do Campus de Lugo e Servizos, adxudicado segundo resolución do Diario Oficial de Galicia con data 7 de decembro de 2018.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019



Milagros Otero Parga

**Presidenta da Comisión da Transparencia**